

PAIASOLANDIA

O vindeiro sábado **18 de abril**, ás 17:30 horas terá lugar no Edificio Municipal de Servizos Múltiples do Burgo – Culleredo a actuación de **PAIASOLANDIA**, un espectáculo de gran formato para toda a familia con paiaos, actuacións musicais e asombrosos magos ilusionistas, así como a presenza no escenario de distintas personaxes do gusto do público infantil, como: pocoyo, bob esponja, los simpsons, Epi e Blas, Tom e Jerry, Sin Chan, etc...

Nunha actuación dunha hora e media a Familia “Rampin” fai un espectáculo circense actualizado que fai as delicias de nenos e maiores, alí onde actúan.

Debemos reseñar que o Concello de Culleredo adicou unha rúa no ano 2005 ó pai dos actuais paiaos de Paiasolandia, Rúa Emilio Santos “Rampin” porque naceu casualmente cando os seus pais actuaban por aquel entón (1920) en Culleredo.

Emilio Santos del Castillo, coñecido como “Rampín”, naceu na parroquia de Culleredo o 15 de febreiro de 1920, cando o circo da súa familia actuaba nun salón da localidade, e morreu en Xixón o 22 de marzo de 1995.

Casado con Otilia Padeiro, a familia tivo oito fillos, que seguiron a tradición familiar, da mesma maneira que Emilio herdara as inclinacións circenses do seu pai e do seu avó, que xa exerceran como paiaos, empezando a actuar con eles aos nove anos. Durante moitos anos, Emilio e a súa familia actuaban, por toda a xeografía española, co seu “Circo Santos”.

En 1976, Emilio Santos "Rampín" recibiu en Madrid a insignia de ouro e brillantes do Club de Paiaos e Artistas de Circo de Madrid. En 1999 o Concello de Miskiz, por iniciativa de Jesús Carrasco e Joaquín Sánchez, promotores do Museo Bilbaíno del Circo, colocou unha placa conmemorativa en lembranza do acto xeneroso de Emilio Santos, que salvara, en 1950, nesa localidade a un neno de morrer afogado (outro morreu), e, a pesar de ser unha época de miseria, doara a recadación do circo para a familia do neno falecido. Deste acto de homenaxe fixéronse eco xornais como Deia, El Diario Vasco, El Correo, El Mundo ou El País.

CONCELLERÍA DE CULTURA

A familia "Rampín" é unha das máis destacadas da historia do circo español. En 1974 rodouse, no seu "Circo Escocia", a película Esta es lo que es, protagonizada por Arturo Fernández e Lina Morgan. E en 1978 tiveron un importante papel na película Rocky Carambola, protagonizada por Torrebruno.

A familia foi empresaria, ademais do "Circo Escocia" e do "Circo Royal". Actuaron, en diversas temporadas, no "Circo Mundial", no "Cirque D´Hiver de París", no "Circo Atlas" (dos irmáns Tonetti), no "Circo Monumental", no "Berlín Super-Zircus", no "Circo Arnardo" de Noruega, no "Circo Ruso", no "Circo Tokio", no "Circo Benneweis" (Noruega), no "Kerst Cirkus", no "Cirkus Arena", no "Cirque de la Ville de Lille", no "Chipperfield Circus", no programa "Noeal au Cirque", no "Circo Skratt" e, xa morto Emilio Santos, a familia traballou en diversos circos europeos: "European", "Stefan Agnesen", "Alexandre Bouglione", "Billy Smart", "Educati", "Lune", Festival de Massy, "Sirkus Finlandia" e "Circo Merano".

Culleredo, 14 de abril de 2009.
O CONCELEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.